

ASINADO O ACORDO DE CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOS CENTROS DE POLÍTICA SOCIAL

Na nómina de mes de decembro percibiranse os incrementos por domingos e festivos de xaneiro a outubro de 2023.

Un avance histórico que reduce xornada laboral e incorpora dereitos económicos e días de descanso, garantías e o compromiso de seguir avanzando, que se suman aos incrementos salariais acordados a nivel estatal, á última paga de atrasos na nómina de novembro, e coa Xunta co complemento de carreira.

AS COUSAS COMO SON

Santiago de Compostela 05/12/23

Na liña que UGT ven defendendo de **RECUPERACIÓN DE DEREITOS, SALARIO E EMPREGO** cos antecedentes de Acordos de incrementos retributivos de carácter xeral, incremento de retribucións en carreira, IT ao 100%, procesos de estabilidade con convocatorias de concursos de traslados, garantías de salario e condicións laborais coa funcionarización voluntaria...), **asumimos o compromiso de acadar melloras nas condicións de traballo e compensacións para o persoal da Consellería de Política Social e Xuventude.**

UGT anuncia que acada un Acordo que regula **NOVOS DEREITOS e NOVOS INCREMENTOS SALARIAIS**, establece **GARANTIAS** e compromiso de **SEGUIR AVANZANDO** noutras materias con **MEDIDAS REAIS E CONCRETAS**, non malos contos... **AS COUSAS COMO SON.**

Aprobado con voto a favor de UGT e CCOO, e sen votos en contra na Comisión de Persoal e co voto favorable diferido primeiro de CIG e máis tarde de CSIF e asinado o 5 de decembro de 2023 polas catro organizacións sindicais

Acordo asinado hoxe

Enlace á nova da web da Xunta de Galicia

